



Guía Docente				
Datos Identificativos				2016/17
Asignatura (*)	Fundamentos de Electricidade	Código	770G02013	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Enxeñaría Industrial			
Coordinación	Castilla Pascual, Consuelo de los L.	Correo electrónico	consuelo.castilla.pascual@udc.es	
Profesorado	Castilla Pascual, Consuelo de los L.	Correo electrónico	consuelo.castilla.pascual@udc.es	
Web	www.eupvirtual.udc.es			
Descrición xeral	O obxectivo fundamental desta materia é a formación do alumno para que adquira o coñecemento e poida utilizar os principios da teoría de circuitos e o coñecemento de conceptos básicos das máquinas eléctricas. Polo seu carácter obrigatorio, esta materia é fundamental na formación do Enxeñeiro Técnico Industrial. Está relacionada con todas aquelas de o Grao Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática que traballan con circuitos eléctricos e electrónicos, en particular coa materia Fundamentos de Electrónica que se imparte no seguinte cuatrimestre, dando tamén continuidade a Sistemas Eléctricos do terceiro curso.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
<p>NOTA: Realmente non son competencias, senón coñecementos e destrezas.</p> <p>Que o alumno coñeza os fundamentos da teoría de circuitos e das máquinas eléctricas: o comportamento real e ideal dos elementos, comportamento ideal das máquinas e o comportamento dos equipos de medida básicos do circuito ante diversos tipos de excitacións, así como os métodos de análises, métodos de cálculo empregados na análise de circuitos e réximes de funcionamento.</p>	A15	B1 B4 B5	C6 C7 C8
<p>Que o alumno comprenda os principios da teoría de circuitos e das máquinas eléctricas e teña habilidade para aplicarlos á análise de problemas sinxelos de circuitos eléctricos e de máquinas eléctricas. Saiba seleccionar o método máis adecuado que modelice matematicamente o circuito lineal, ante os distintos tipos de excitación, para o cálculo de tensións e correntes. Realice o balance enerxético no circuito con modelización da máquina eléctrica, calcule consumos e determine rendementos. Analice os resultados e obteña conclusións.</p> <p>Saiba indicar magnitudes eléctricas, elementos e equipos de medida no esquema do circuito. No caso de traballar en alterna, acompañar a solución con diagramas fasoriales. Empregar a nomenclatura adecuada no circuito.</p> <p>Saiba e analice o principio de funcionamento das máquinas eléctricas, coñeza os esquemas que as representan no circuito, calcule tensións, correntes, consumos e determine rendementos.</p>	A15	B1 B4 B5	C6 C7 C8
<p>Reforzar, simular e convalidar os coñecementos teóricos nas aplicacións prácticas de lousa e de laboratorio. Manexar adecuadamente aparellos de medida, realizar montaxes de circuitos e medicións. Documentar cada práctica con: esquemas, características de elementos e equipos de medida, condicións de ensaio, rangos e táboas de medidas. Fomentar o traballo en grupo.</p>	A15	B1 B4 B5	C6 C7 C8

Contidos



Temas	Subtemas
Circuitos, leis e elementos.	Teoría de circuitos. Introducción. Elementos de circuitos. Introdución á análise topolóxica.
Análise de circuitos. Exemplos en DC.	Generalización da asociación de elementos pasivos. Métodos de análises. Teoremas fundamentais.
Análise de circuitos en AC.	Circuíto simple en réxime permanente sinusoidal. Validez dos métodos de análises e dos teoremas fundamentais. Exemplos. Potencia e enerxía en AC.
Sistemas trifásicos.	Análise do circuíto trifásico. Potencia nos sistemas trifásicos.
Introdución ás máquinas eléctricas.	Maquinas estáticas e rotativas.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A15 B4 C6 C7 C8	21	31	52
Lecturas	A15 B1 B5 C6 C7 C8	0	3	3
Proba obxectiva	A15 B1 B4 B5 C6	2	13	15
Prácticas de laboratorio	A15 B1 B5 C6 C7	9	6	15
Portafolios do alumno	A15 B1 B4 B5 C6 C7 C8	0	10	10
Solución de problemas	A15 B1 B4 B5 C6	21	31	52
Atención personalizada		3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral teórica-práctica dos capítulos do programa que se realiza para transmitir coñecementos, complementada co uso de medios audiovisuais/multimedia. No caso de temas compendio de definicións teóricas solicítase a lectura como traballo persoal do alumno e dárase un día e tempo para resolver as dúbidas. A fin de facilitar a aprendizaxe exponense cuestións e recomendáense lecturas das cales se deducirán as respostas para que figuren no portafolio do alumno.
Lecturas	Traballo persoal do alumno sobre distintos contenidos de la signatura. Durante el curso se solicitara la lectura de temas compendio de definiciones teóricas y se formularan preguntas recomendando lecturas para encontrar su respuesta.
Proba obxectiva	A proba de avaliación final escrita de carácter práctico, sobre todos os contidos da materia. Consistirá na solución de dez exercicios.
Prácticas de laboratorio	Realización de diversas montaxes de circuitos eléctricos nun software de simulación que ilustren os resultados obtidos nas clases teóricas e de problemas. O alumno disporá na plataforma Moodle das follas de tomas de datos. O alumno realizará a lectura comprensiva da práctica, tomase datos e resolverá os cálculos asociados e as cuestións que se expoñan. Na súa memoria final valorará o resultado obtido.
Portafolios do alumno	Consiste nun caderno do traballo de carácter fundamentalmente práctico, que recolla tanto os exercicios realizados en clase como o traballo persoal realizado polo alumno nos exercicios que expón o profesor para que estean no portafolio. A xustificación da solución dun exercicio acompañarase con anotacións teóricas que o profesor resalte na clase. Tamén se incluírán as cuestións teóricas que se indique, coas respostas que o alumno deduza das lecturas recomendadas polo profesor para ese efecto.



Solución de problemas	Seminarios en grupos de tamaño intermedio destinados a resolver exercicios e problemas. Expostos con antelación ou no mesmo día. Entregarase con antelación os enunciados de problemas que deban formar parte do caderno de traballo cuxa solución corresponda desenvolver por parte do alumno. Durante a sesión resolveranse as dúbidas ou dificultades que xurdisen.
-----------------------	------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Portafolios do alumno Sesión maxistral Solución de problemas Lecturas Proba obxectiva Prácticas de laboratorio	<p>Durante a sesión maxistral atenderanse as dúbidas no transcurso da clase ou se fose necesario emprazarse ao alumno a tutorías.</p> <p>As dúbidas que xurdan nas lecturas recomendadas poderán resolverse nas tutorías.</p> <p>Durante a proba obxectiva, o profesor atenderá ao alumno que o chame no posto de exame do alumno.</p> <p>Nas prácticas, a atención personalizada realizarase no transcurso das sesións, ben a iniciativa do alumno para aclarar e responder as súas dúbidas, ou ben a iniciativa do profesor co fin de mellorar o interese e actitude do alumno.</p> <p>O caderno, portafolios do alumno, pediraa o profesor durante as clases, para ir vendo o avance na mesma e indicará ao alumno os apartados que debe mellorar para guíalo e animalo. En cada entrega deberán estar como mínimo os exercicios do día anterior. Polo menos faranse dúas entregas. O alumno poderá consultar en tutorías as dúbidas que se lle expoñan ante as indicacións do profesor.</p> <p>Atenderanse as dúbidas no transcurso da clase en grupo mediano para a solución de problemas, se fose necesario emprazarse ao alumno a tutorías.</p> <p>No horario establecido polo profesor para as tutorías, o alumno que acuda a título individual poderá expor as dúbidas que lle xurdan no estudo da materia, ou no desenvolvemento da solución dun exercicio. O alumno que acuda á tutoría, deberá presentar o texto consultado obxecto de dúbida ou o desenvolvemento realizado na procura da solución do exercicio que "no sae". Tamén o profesor poderá convocar persoalmente ao alumnado se así o estimase.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Portafolios do alumno	A15 B1 B4 B5 C6 C7 C8	Cada exercicio deberá estar claramente separado do seguinte, ter o seu enunciado cos seus datos, esquemas e cuestións. No desenvolvemento da solución, as magnitudes empregadas, deben indicarse de forma clara no circuito eléctrico e teranse en conta todas as anotacións teóricas de interese que o alumno recolla do indicado en clase. Valorarase a lectura por medio das respostas ás cuestións teóricas. A falta dalgún exercicio, o seu desenvolvemento ou a non entrega fará que o caderno non puntúe na entrega final. O profesor en calquera momento poderá pedir a entrega do caderno. A puntuación será de Mal (M) ou Non realizada (NR) (0 puntos sobre 10), Regular (R) (3,33 puntos) ou Ben (B)(6,66) ou Moi ben (MB) (10 puntos) e contribuirá á cualificación nun 15%.	15



Proba obxectiva	A15 B1 B4 B5 C6	<p>O exame final (xa sexa o da convocatoria ordinaria en xaneiro ou a convocatoria extraordinaria de Xullo) será de dez Items: preguntas en forma de problemas curtos de varios conceptos. Para cada Item propóranse varias respostas, onde só unha é posible. O alumno deberá xustificar a resposta elixida e porque descarta as restantes. Un ítem só pode valer un punto ou cero. O ítem ben xustificando conta un punto. Os mal xustificadas ou sen xustificar non contan.</p> <p>A duración do exame será de 1,5h.</p> <p>A puntuación obtida contribuirá á cualificación final nun 70%, a condición de que se superen tres items dos dez.</p> <p>En caso de non superar na proba o tres puntos, a cualificación final será "Suspenso" coa puntuación alcanzada nesta proba independentemente da alcanzada nas outras dúas probas.</p> <p>En caso de non presentarse a esta proba obxectiva a cualificación final será de "No presentado".</p>	70
Prácticas de laboratorio	A15 B1 B5 C6 C7	<p>As sesións prácticas en laboratorio son de obrigada asistencia, imprescindibles para poder aprobar a materia. Tomácese nota da asistencia. A docencia de laboratorio é un complemento ás clases teóricas, nelas propóranse exercicios de aplicación da teoría. Valorárase a comprensión do traballo de laboratorio e a participación activa mediante preguntas ao alumno no transcurso das prácticas. Entregarase unha memoria final das prácticas realizadas.</p> <p>A puntuación será de Mal (M) ou Non realizada (NR) (asignando 0 puntos sobre 10), Regular (R) (3,33 puntos) ou Ben (B) (6,66) ou Ben (MB) (10 puntos). Puntuación só aplicable no curso académico en que se realicen ditas prácticas (convocatorias ordinaria-Xaneiro e extraordinaria-Xullo).</p> <p>As prácticas superadas (puntuación de R, B ou MB) en cursos previos só son válidas ("convalidables" (CV durante o catro anos seguintes á súa realización,)) , pero só valerán 3,33 puntos (R).</p>	15

Observacións avaliación

A cualificación final darase con dous decimais e será:

· Se na proba obxectiva tres ou máis puntos, a condición de que esten superadas as prácticas:

Puntuación do portafolio *0,15 puntuación das prácticas superadas (R, B ou MB)*0,15 puntuación proba obxectiva*0,70(se máis de tres puntos)

Para superar a materia nas convocatorias oficiais é necesario ter unha cualificación final de 5 sobre dez ou superior.

· Se na proba obxectiva menos de tres puntos:

Puntuación da proba obxectiva.

· Se non se presenta á proba obxectiva:

"No presentado"

· Se non se superan as prácticas:

Puntuación en prácticas.

Fontes de información



<p>Bibliografía básica</p>	<ul style="list-style-type: none"> - 8. Gerrero Fernandez, Alberto (1995). Electrotecnia. Madrid: MacGraw-Hill - 7. Usaola García, J. (2002). Circuitos eléctricos: problemas y ejercicios resueltos.. Madrid: Prentice Hall - 6. Ras i Oliva, Enric. (1987). Teoría de circuitos fundamentos. Barcelona [etc.] : Marcombo, D.L. - 2. Eguiluz Moran, Luis I. (1997). Pruebas objetivas de ingeniería eléctrica.. Santander, T.G.D.S.L. - 1. Boylestad, R. L. (2009). Electrónica: teoría de circuitos y dispositivos electrónicos . Naucalpán de Juárez : Prentice Hall - 3. Eguiluz Morán, Luis I.. (2001). Pruebas objetivas de circuitos eléctricos. Madrid: EUNSA - 5. Fraile Mora, L.I. (2004). Electromagnetismo y circuitos eléctricos.. Madrid: MacGraw-Hill - 4. Fraile Ardanuy, J. (2004). Problemas resueltos de electromagnetismo y circuitos eléctricos.. Madrid : Colegio de Ingenieros de Caminos, Canales y Puertos, Servicio de Publicaciones <p>BÁSICA: 1. Boylestad, R. L.Electrónica: teoría de circuitos y dispositivos electrónicos / Robert L. Boylestad, Louis Nashelsky. 10ª ed. Naucalpán de Juárez : Prentice Hall, 2009.SIGNATURA: BR ET 30 2. Eguiluz Moran, Luis I. Pruebas objetivas de ingeniería eléctrica. [Santander] : T.G.D.S.L., [1997] SIGNATURA: BR EL 34 3. Eguiluz Morán, Luis I.. Pruebas objetivas de circuitos eléctricos. Madrid: EUNSA, 2001SIGNATURA: BR EL 14 4. Fraile Ardanuy, J.Problemas resueltos de electromagnetismo y circuitos eléctricos.Madrid : Colegio de Ingenieros de Caminos, Canales y Puertos, Servicio de Publicaciones, 2004SIGNATURA: BR EL 46 5. Fraile Mora, L.I.Electromagnetismo y circuitos eléctricos.4ª ed. Madrid: MacGraw-Hill, 2005SIGNATURA: BR EL 15 6. Ras i Oliva, Enric. Teoría de circuitos fundamentos. 4ª ed. renovada. Barcelona [etc.] : Marcombo, D.L. 1987SIGNATURA: BR EL 47 6. Usaola García, J.Circuitos eléctricos: problemas y ejercicios resueltos.Madrid: Prentice Hall, 2002SIGNATURA: BR EL 41 Otros libros de interés: * Hayt, Kemmerly, Dubrin (2002). Análisis de Circuitos en Ingeniería. Madrid. McGraw-Hill * W. Nilson, Ana Riedel (2001). Circuitos Eléctricos. Prentice Hall * Bruce Carlson (2002). Teoría de Circuitos. Madrid. Thomson * Parra V., Ortega J., Pastor A., Pérez A. (1992). Teoría de Circuitos.Tomos I y II. Madrid. U.N.E.D * Boix, Oriol(2009). Tecnología Eléctrica. Cano Pina S.L. Ediciones Ceysa</p>
<p>Bibliografía complementaria</p>	<p>Otros libros de interés: * Hayt, Kemmerly, Dubrin (2002). Análisis de Circuitos en Ingeniería. Madrid. McGraw-Hill * W. Nilson, Ana Riedel (2001). Circuitos Eléctricos. Prentice Hall * Bruce Carlson (2002). Teoría de Circuitos. Madrid. Thomson * Parra V., Ortega J., Pastor A., Pérez A. (1992). Teoría de Circuitos.Tomos I y II. Madrid. U.N.E.D * Boix, Oriol(2009). Tecnología Eléctrica. Cano Pina S.L. Ediciones Ceysa</p>

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Cálculo/770G01001
 Alxebra/770G01006
 Física II/770G01007

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Máquinas Eléctricas I/770G02021
 Instalacións Eléctricas en Baixa Tensión/770G02022
 Circuitos Eléctricos de Potencia/770G02023
 Centrais Eléctricas/770G02024
 Máquinas Eléctricas II/770G02026
 Instalacións Eléctricas en Media e Alta Tensión/770G02027
 Instalacións de Enerxías Renovables/770G02033
 Accionamientos de Máquinas Eléctricas/770G02035
 Transporte de Enerxía Eléctrica/770G02036
 Técnicas de adquisición de medidas eléctricas/770G02030
 Compatibilidade electromagnética en instalacións industriais/770G02039
 Xestión Eficiente da Enerxía Eléctrica/770G02040

Observacións



Son necesarios coñecementos previos de: electromagnetismo, sistemas lineais, ecuacións diferenciais, cálculo complexo e representación vectorial. Como se indicou na descrición xeral, a materia está relacionada con todas aquelas de o Grao Enxeñaría Eléctrica Industrial e Automática que traballan con circuitos eléctricos e electrónicos, en particular coa materia Fundamentos de Electrónica que se imparte no seguinte cuatrimestre e dando continuidade para Circuitos eléctricos de potencia, Instalacións, Máquinas eléctricas I e II do terceiro curso e outras optativas e de cuarto curso.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías